

BORRADOR ACTA Nº 10 DA MESA METROPOLITANA DE TRANSPORTE E MOBILIDADE

Reunidos na sede de ARTEIXO INNOVACIÓN, situada na Av. Arsenio Iglesias, 34, de Arteixo, sendo as 13:20 horas do día 30 de xuño do ano 2017, previa convocatoria coa orde do día establecida e comunicada aos compoñentes da mesa coa suficiente antelación,

Reúnense:

- D. Alberto Castro, en representación do Concello de Arteixo.
- D. Daniel Díaz Grandío, en representación do Concello de A Coruña.
- D. Juan Antonio López López en representación do Concello de A Coruña.
- D. Francisco J. Montouto, en representación do Concello de Sada.
- D. Javier Varela Tejedor, en representación do Concello de Culleredo, e como coordinador da Mesa.

Comeza a reunión co primeiro punto da orde do día:

1. Lectura e aprobación, non seu caso, do acta da sesión anterior:

Lido o Acta da sesión anterior, apróbbase por unanimidade e asínase polos asistentes en duplicado exemplar, pero dado o escaso número de asistentes, na próxima reunión pasarase á sinatura dos asistentes á celebrada en Cambre, reunión á que corresponde dito Acta número 9.

2. Análise situación actual e propostas de futuro.

Por parte de **Javier Varela**, como coordinador da mesa, outórgase o uso da palabra ao Sr. **Díaz Grandío** que manifesta que respecto ao **plan de accesibilidade** á cidade da Coruña, das liñas de transportes de viaxeiros interurbanos de proximidade xa se produciu o desbloqueo das conversacións coa Xunta de Galicia, de forma tal que a Comisión de Seguimento do Plan terá competencias para establecer as fases da penetración e incorporar liñas ou non, en función dos indicadores que se vaian producindo e que así mesmo terá a posibilidade de retrotraer ou paralizar a implantación dalgunha delas no caso en que se producisen distorsións que así o aconsellasen.

Por outra banda informa que as licenzas de obra das paradas do porto e entrexardíns xa están aprobadas e comezará en breve a súa execución.

Con respecto á data en que comezará a efectuarse a penetración de autobuses, a Xunta de Galicia pretende que sexa en agosto porque habería menos afección ao tráfico, en tanto que o Concello pretende que sexa en setembro precisamente para poder comprobar fehacientemente a afección real producida.

Intervén **Alberto Castro** para comentar que en aras ao interese xeral, poderían establecerse unhas liñas a modo de proba canto antes, que fosen expresando o índice de afectación en cada zona.

Despois de realizar diversas consideracións de carácter local e puntual, conclúe afirmando que hai que tomar conciencia de que o transporte é un servizo público básico e que como tal hai que financiarlo, ben via tarifas, ben via orzamentos.



A este respecto **Javier Varela** intervén para dicir que é imprescindible unha lei de financiamento do transporte público.

Toma de novo a palabra **Daniel Díaz Grandío** para comentar que o Concello de A Coruña asinou un convenio coa Axencia de Ecoloxía Urbana de Barcelona (achégase copia) para o deseño da rede de transporte da Coruña e a área metropolitana, convenio que xa foi aprobado pola Xunta de Goberno, e que nos enviará proximamente para a súa incorporación ao acta. Vai necesitar colaboración dos concellos para efectuar un adecuado deseño que responda no posible as necesidades de transporte detectadas por cada un.

Alberto Castro afirma que o obxectivo básico é eliminar coches privados das vías públicas.

Javier Varela entende que se trata de implementar medidas que tendan a priorizar o uso do transporte público, en lugar de investir en infraestruturas que fomenten o privado.

Francisco J. Montouto manifesta a conveniencia de recuperar o tranvía Sada-A Coruña, como modo de transporte eficiente e alternativo.

Juan A. López afirma que o transporte supón unha conxunción de diferentes factores: ORA, incremento de frecuencias, de oferta de servizos, que deben mellorarse para facelo máis atractivo.

Daniel Díaz Grandío, estima que estamos no momento do “*Ou agora ou nunca*”, que hai que darlle á Xunta o traballo feito con criterios propios e específicos da área metropolitana.

As matrices orixe-destino estarán feitas a final de ano cun custo aproximado de 60.000 €.

Insiste no compromiso activo dos concellos na súa execución xa que coñecen a realidade concreta de cada un.

Informa tamén de que se reuniu recentemente coa Plataforma do FFCC As Mariñas que solicitaron introducir o transporte por ffcc no deseño. Trátase de colaborar con eles para analizar a viabilidade das súas formulacións e propón unha “*quedada*” de alcaldes para dar visibilidade a ese modo de transporte.

Javier Varela intervén para dicir que non hai que esquecer tampouco o transporte pola ría, aínda que non é un modo prioritario nestes momentos.

Daniel Díaz di que é básico conseguir a execución do denominado viario 18 que permitirá a conexión transversal entre as dúas principais vías de alta capacidade de acceso á cidade de A Coruña, a Terceira Ronda (a autovía AC-14) e a Autoestrada do Atlántico (AP-9), que servirá para desconxestionar o tráfico na AC-11 ao seu paso polo termo municipal da Coruña (Avenida Alfonso Molina) e contribuír ao mallado dos accesos á cidade.

Alberto Castro estima que é prioritario tamén aproveitar e poñer en valor as infraestruturas existentes por exemplo a Autoestrada de Peaxe de Arteixo, eliminando a peaxe.

Así mesmo di que hai que consolidar un eixo industrial terciario e potencialo con infraestruturas e transporte público en todos os seus modos, de forma que se contribúa a asentar poboación e evitar emigración. Potenciar a economía.



Tanto **Daniel Díaz** como **Javier Varela** entenden que a eses efectos, hai que contar con que hai un problema de competencias que non corresponden aos concellos

3. Rogos e preguntas.

Neste apartado **Daniel Díaz** apunta que unha vez desbloqueado o plan de accesibilidade, hai que insistir na reunión dos dez alcaldes coa XG (presidente e/ou conselleira) e **Alberto Castro** manifesta que hai que buscar a máxima integración posible entre os diferentes municipios (incluso os que non están na primeira coroa metropolitana) e facilitala en función de niveis concretos de actuación.

Péchase a sesión ás 14:55 e dado que comezamos o período estival, fixarase a próxima convocatoria en setembro en día a determinar e a celebrar en A Coruña.

